

CONCURSO LUGO EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS

BASES

O presente concurso está organizado polo Concello de Lugo mediante as bases que a continuación se relacionan:

OBXECTIVO:

Premiar a promoción e difusión da campaña En Negro Contra As Violencias, das persoas seguidoras das redes sociais do Concello de Lugo en Facebook (Cultura e Turismo Lugo e Desenvolvemento Local Lugo) e Twitter (@lugoturismo @desenvolvedelugo) que participen de acordo ás bases do concurso.

COMO PARTICIPAR:

Para participar é requisito necesario:

1. Se participas a través de Facebook ser seguidora ou seguidor das páxinas de Cultura e Turismo Lugo e Desenvolvemento Local Lugo. E se participas por medio de twitter ser seguidora ou seguidor dos perfís @lugoturismo e @desenvolvedelugo
2. Subir ao teu perfil persoal de Facebook ou Twitter unha fotografía na que saia material da campaña En Negro Contra As Violencias (Lembra revisar que a publicación ten a privacidade en modo público para que poidamos vela)
3. Usar o hasthatg #LugoEnNegro na publicación de dita fotografía.

PERSOAS PARTICIPANTES:

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas físicas, maiores de 16 anos, seguidoras dos perfís Cultura e Turismo Lugo e Desenvolvemento Local Lugo da redes social que utilicen para concursar (Facebook ou Twitter) e que suban ao seu perfil persoal, de forma pública, unha fotografía con material da campaña En Negro Contra as Violencias usando o hasthatg #LugoEnNegro. Non poderá participar no concurso o persoal empregado do Concello de Lugo que intervéñen na realización do concurso ou das empresas que manteñan unha relación mercantil, de axencia ou prestación de servizos con calquera delas (así como os seus familiares directos ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade). No caso de que resultasen gañadoras do concurso algunha das persoas excluídas de participación en virtude do apartado anterior, estas perderán o seu dereito para obter o premio do concurso, procedéndose a entregar o mesmo á seguinte persoa que reúna as condicións de participación válidas de entre os suplentes designados. Só será válida unha fotografía por perfil.

PREMIOS:

O concurso consta de 4 premios, en forma de camisetas En Negro Contra As Violencias acompañadas dun lote de libros:

- 1 camiseta asinada polos xogadores do Breogán + 1 lote de libros cedidos pola Deputación de Lugo
- 1 camiseta asinada polos xogadores do Lugo + 1 lote de libros cedidos pola Deputación de Lugo
- 1 camiseta asinada polo Ensino + 1 lote de libros cedidos pola Deputación de Lugo
- 1 camiseta asinada polo Emevé + 1 lote de libros cedidos pola Deputación de Lugo

XURADO:

O xurado que estará composto por unha fotógrafa ou fotógrafo profesional, a Concelleira de Benestar, unha técnico da Casa da Muller e unha persoa representante do Foro de Igualdade que valorarán a orixinalidade de toda as fotografías recibidas, en Facebook e Twitter, a través do hasthatg

GAÑADORAS OU GAÑADORES:

As catro fotos gañadoras quedarán a dispor do Concello de Lugo sen ningún tipo de custe de por medio

ÁMBITO TERRITORIAL

O concurso levarase a cabo dentro do territorio español

PRAZO:

Do 18 de novembro ao 26 de novembro

RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN:

A determinación das catro persoas gañadoras dos premios terá lugar o día 11 de decembro de 2017 entre todas e todos os participantes que reúnan os requisitos de participación. A notificación ás persoas gañadoras realizarase a través dos perfís de Facebook (Cultura e Turismo do Concello, Desenvolvemento Local de Lugo) e Twitter (@lugoturismo e @desenvolveLugo) do Concello de Lugo. A partir de dita comunicación, as persoas que resulten gañadoras deberán enviar unha mensaxe privada antes do 20 de decembro de 2017 a algún dos dous perfís do Concello de Lugo en Facebook (Cultura e Turismo do Concello e Desenvolvemento Local de Lugo) ou Twitter (@lugoturismo e @desenvolveLugo). Na resposta a devandito mensaxe indícaráselles como recoller o premio. No caso de que a gañadora ou gañador non contactase co Concello no prazo indicado, a organización non recibise os datos solicitados, entenderase que renuncia ao premio, perdendo o dereito ao mesmo e procederase a comunicar o nome dunha persoa suplente e así sucesivamente, podendo chegar a declararse o premio deserto.

FACEBOOK E TWITTER:

O Concello de Lugo non se fai responsable das avarías e/ou erros en relación con Internet ou a plataforma Facebook durante o desenvolvemento do concurso. O Concello de Lugo exclúese de toda responsabilidade a este respecto. Facebook non patrocina nin avala de ningún xeito a promoción, nin está asociado a ela. O participante é consciente de que está a proporcionar a súa información ao Concello de Lugo e non a Facebook.

DANOS OU PREXUIZOS:

O Concello de Lugo non asumirá ningunha responsabilidade por calquera dano ou prexuízo que se derive directa ou indirectamente, da posesión, extravío ou uso que poida facer do premio a persoa gañadora antes, durante e despois do gozar do mesmo.

FALSIFICACIÓN OU MANIPULACIÓN

Calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases, ou ben calquera actuación que impida o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario deste concurso, dará lugar á consecuente exclusión da persoa participante ou gañadora na mesma.

A constatación de calquera destas circunstancias durante o concurso supoñerá a exclusión automática, así como a perda do premio se lle fose outorgado.

O Concello de Lugo queda eximido de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos persoas participantes que impidise a súa correcta identificación.

O Concello de Lugo resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso. Así mesmo, calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación das persoas participantes afectadas.

PROTECCIÓN DE DATOS:

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e do Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei Orgánica, infórmase que os datos persoais proporcionados non se incorporarán a ficheiros algún. A persoa que participa no concurso outorga o seu consentimento expreso para a utilización da súa imaxe, nome e apelidos e cede os citados dereitos ao Concello de Lugo cos fins, promocionais e informativos, podendo ser publicados estes nas súas redes sociais. Todo iso de acordo co disposto na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal, e familiar e á propia imaxe. Dita utilización non comportará contraprestación algunha.

ACEPTACIÓN E LEI APLICABLE:

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases e a absoluta suxeición ás mesmas. Ditas bases rexeranse e interpretarán de conformidade coa lexislación española e calquera controversia coas mesmas resolverase polos Tribunais de Lugo.